

SELECCIÓN ADXUDICATARIOS EN REXIME DE ALUGUER DE VIVENDAS TITULARIDADE MUNICIPAL EN NAVIA

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES :

Data de **INICIO** do prazo: **01 de abril de 2011**

Data de **FIN** do prazo: **16 de maio de 2011**

QUEN pode Solicitalas:

- As persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade con plena capacidade de obrar como titulares dunha unidade familiar.

CONDICIÓNS E REQUISITOS dos Solicitantes:

- Atoparse inscritas no **Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública**, xestionado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- Acreditar os ingresos ponderados anuais que non superen o **2, 5 IPREM¹** segundo a seguinte tabla:

TÁBOA ORIENTATIVA DE INGRESOS MÁXIMOS PONDERADOS		
MEMBROS DA UD. FAMILIAR	1,5 IPREM	2,5 IPREM
1	11.145,80 €	18.527,13 €
2	12.384,23 €	20.585,70 €
3	13.932,26 €	23.158,92 €
4	14.861,07 €	24.702,85 €
5 o máis membros	15.922,58 €	26.467,34 €

Para a comprobación do rango ou escalado no que se atopan os ingresos da unidade familiar, sumaranse as casiñas 455 e 465 da última declaración da renda co prazo de presentación vencido.

1. IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples 2009 (7.381,33 €), válido ata o 30 de xuño de 2011

- Non ser titulares do dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre unha vivenda.
- Estar empadroadado en Vigo
- Non ter obtido previamente financiación cualificada durante os dez anos anteriores.
- Estar ó corrente de todas as obrigas tributarias co Concello de Vigo e cas restantes Administracións Públicas.

MÁIS INFORMACIÓN:

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**Con caracter Xeral:**

- Fotocopia do D.N.I. do solicitante, de cada un dos membros da unidade familiar ou convivencial e, no seu caso, do Libro de Familia..
- No caso de non autorizar a Administración a consulta de datos obrantes na mesma:
 - * Certificado municipal de empadronamento do solicitante e das persoas que convivan con él.
 - * Certificado de estar ó corrente de todas as obrigas tributarias.
- Certificado de ámbito nacional emitido polo rexistro da propiedade de que ningún membro da unidade familiar ou convivencial é titular de dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre unha vivenda. No caso de ter algunha vivenda, xustificación documental de atoparse nalgunha das excepcións previstas na clausula 6º C. I,II e III das bases.
- Documentación acreditativa da inscrición no Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública.
- Fotocopia da declaración do IRPF de tódolos membros da unidade familiar ou convivencial do último período impositivo co prazo de presentación vencido.
- De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou da sentenza na que se acredite que o solicitante non ten uso da vivenda familiar.
- Declaración de que ningún membro da unidade familiar obtido financiación cualificada nos dez anos anteriores.

Para persoas con mobilidade reducida: ademais do anterior

- Resolución de recoñemento de tal condición, emitida polo organismo autonómico competente en materia de valoración e cualificación de discapacidades.

VIVENDAS OBXETO DO ARRENDAMENTO:

6 VIVENDAS	No cupo de reserva persoas con <i>mobilidade reducida</i> .
13 VIVENDAS	No cupo de unidades familiares con ingresos <i>ata o 1,5 IPREM</i> .
9 VIVENDAS	No cupo de unidades familiares con ingresos <i>entre o 1,5 e o 2,5 IPREM</i> .

LEMBRE QUE:

- Os interesados deberán presentar as solicitudes no modelo oficial dentro de prazo no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, no Rexistro Xeral do Concello, nos lugares que no seu caso se habiliten ó efecto¹ e, en todo caso, nos rexistros ós que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.
- So pode presentarse unha solicitude por cada unidade familiar, o seu incumprimento é causa de exclusión.

-1- Poderanse presentar as solicitudes no Rexistro Auxiliar do Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, localizado no Servizo Municipal de Vivenda e Solo, na rúa Oporto 1, 1º. (Resolución do Alcalde-Presidente da XMU de 14.03.11)

MÁIS INFORMACIÓN: